

## **PROGRAMA CONCILIA CURSO 2016-2017**

O **Programa Concilia** é unha medida promovida desde a Concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Carballo para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral

### **En que consiste:**

O Programa desenvólvese durante o período escolar, e consiste en recoller ás nenas e aos nenos, á primeira hora da mañá no seu centro escolar. O obxectivo é responder ás necesidades familiares derivadas do desfase existente entre os horarios escolares e laborais, cubrindo a necesidade de atención antes do inicio das clases pola mañá con persoas debidamente cualificadas, así como ofrecer o servizo dun almorzón equilibrado.

### **Servizos que comprende:**

Servizo de gardaría. As monitoras atenden ao alumnado, garantindo hábitos de hixiene, e ademais realizando actividades de ocio e tempo libre.

Servizo de almorzón: é un servizo opcional para aqueles nenos/as que o soliciten

### **Horarios do servizo:**

O servizo préstase de luns a venres os días lectivos de 7:30 ata a hora de incorporación as clases en cada centro.

Tamén se ofrece servizo nos períodos vacacionais de Nadal, Antroido, e Semana Santa, nas pontes e no verán. Só terán dereito a estes servizos os/as usuarios fixos do programa, non os ocasionais. Nestas datas o servizo ofreceuse nos locais da empresa que ten a concesión.

### **Prezos**

Usuarios **fixos**.-

- a) Con utilización do servizo todos os días: pagarán unha cota mensual de 32,50€ para o servizo de gardaría e de 42,90€ no caso de gardaría e almorzón
- b) Con utilización do servizo por **días soltos**:

#### **1 día á semana:**

- Servizo de gardaría: 8,77 €/mes.
- Servizo de gardaría e almorzón: 10,92 €/mes

#### **2 días á semana:**

- Servizo de gardaría: 17,09 €/mes
- Servizo de gardaría e almorzón: 21,84 €/mes

#### **3 días á semana:**

- Servizo de gardaría: 26,32 €/mes
- Servizo de gardaría e almorzón: 32,82 €/mes

#### **4 días á semana:**

- Servizo de gardaría: 29,51 €/mes
- Servizo de gardaría e almorzón: 40,43 €/mes

Os usuarios **ocasionais** pagarán 2,79€/ día polo custo do servizo de gardaría e almorzón e de 2,21€/ día polo servizo de gardaría

Nos **períodos vacacionais** o prezo do servizo será de 8,93€ día

## **REDUCCIÓN NAS COTAS.BAREMO**

### **A-Situación sociofamiliar:**

- Familia monoparental. 5 ptos
- Familia numerosa: 4 ptos
- Dous/dúas ou máis usuarios/as do mesmo núcleo familiar: 3ptos
- Calquera outra situación susceptible de baremación: 2 ptos

### **B-Situación laboral familiar.**

- F. monoparental en desemprego: 6 ptos
- F. monoparental con emprego: 5ptos
- Nai e pai en situación de desemprego: (baremo por membro da unidade)
  - Sen prestación económica: 3 ptos
  - Con prestación económica: 2 ptos

### **C-Situación económica:**

- Por renda per cápita mensual menor ou igual á pensión non contributiva: 7 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 75% do IPREM: 6 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 125% do IPREM: 5 ptos
- Por renda per cápita mensual inferior ou igual ao 175% do IPREM: 4 ptos
- Por renda per cápita maior ao 175% do IPREM: 3 ptos

**D-Permanencia no programa:** Por permanencia do alumno/a no programa o curso anterior ( todos os meses e días de duración do programa): 2 ptos

### **REDUCCIÓN APLICABLE:**

- |                         |                            |
|-------------------------|----------------------------|
| De 19 puntos en diante: | Reducción do 50% das cotas |
| De 15 a 18 ptos:        | Reducción do 30% das cotas |
| De 10 a 14 ptos:        | Reducción do 15% das cotas |
| Menos de 10 ptos:       | Sen dereito a redución     |

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ COA SOLICITUDE:**

- fotocopia de resguardo de matrícula escolar
- fotocopia do libro de familia
- fotocopia do DNI do/a solicitante
- fotocopia da tarxeta sanitaria da alumna/o
- certificado de empadramento colectivo
- **resguardo de pago do primeiro mes no BBVA ES48 0182/0613/14/0201616239**

### **DOCUMENTACIÓN EN CASO DE SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE COTAS**

- título de familia numerosa (de ser o caso)
- informe médico (de ser o caso)
- sentenza de separación, divorcio ou xustificante de viuvez (de ser o caso)
- certificado de base impositibles de todas as persoas ou autorización.
- xustificante de percepción de prestacións do INEM (de ser o caso)
- Calquera outro que se aporte o se requirese

**O PRAZO DE MATRÍCULA SERÁ DO 1 AO 22 DE AGOSTO DE 2016.**